



**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO MARCO DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN NO CURSO INTENSIVO COMBINADO (BIP), *MACHINE LEARNING AND DYNAMIC SYSTEMS IN THE CONTEXT OF CO-CREATION*, NO MARCO DA ACCIÓN DE MOBILIDADES DE CURTA DURACIÓN DO PROGRAMA ERASMUS**

Mediante a resolución reitoral de 17 de novembro de 2025 publicouse a convocatoria de axudas para a asistencia e participación no curso intensivo combinado (BIP) *Machine Learning and Dynamic Systems in the contest of Co-creation*.

Finalizado o prazo de presentación de alegacións trala publicación das listaxes provisórias de solicitudes admitidas, esta reitoría

**RESOLVE:**

1. Publicar a listaxe definitiva de solicitudes admitidas no anexo I.
2. Publicar a listaxe definitiva de solicitudes excluídas no anexo II.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica  
O REITOR,  
Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)  
A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño

